

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que por Resolución de Alcaldía nº 2024-0202, do 18 de abril de 2024, aprobáronse as bases que regularán a convocatoria do proceso selectivo para confeccionar unha listaxe que se utilizará para substitucións en supostos de ausencia, incapacidade e situacións análogas do titular do posto de encargado/a da biblioteca municipal, creándose unha bolsa de Emprego, con fin de cubrir ditas necesidades en casos excepcionais e de carácter urxente e inaprazable necesidade, publicándose o anuncio da convocatoria no BOPPO nº 83, do 29 de abril de 2024.

Visto que por Resolución de Alcaldía nº 2024-0266, de 22 de maio, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación das causas de exclusión, publicándose no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

Na mencionada Resolución outorgábase aos aspirantes un prazo único e improrrogable de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución, para a corrección dos defectos que motivasen a exclusión ou a non inclusión expresa nas devanditos listaxes, sendo definitivamente excluídos do proceso selectivo quen non emendasen os defectos, xustificando o seu dereito para ser admitidos dentro do prazo sinalado.

Finalizado o prazo concedido, que abarcou do 23 ao 30 de maio de 2024, ambos inclusive, ningún dos candidatos excluídos presentou escrito de corrección.

As bases que rexen o proceso selectivo dispoñen que rematado o prazo dítarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do exercicio tipo test así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis.

Na súa virtude, esta Alcaldía, conforme ás Bases aprobadas e no uso das facultades que ten atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as en dito proceso selectivo que queda como segue:

- ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
1	ABELLÁN SÁENZ DEL CASTILLO ANDER	***7103**	NON
2	BARREIRO FUENTES AINHOA	***8465**	SI
3	CALVO OUTEDA MARÍA DE LOS ÁNGELES	***6854**	SI
4	COSTAS MARTÍN NOA	***8756**	SI
5	FERNÁNDEZ GARCÍA SHEILA	***9964**	SI
6	FERNÁNDEZ REGUERA RAQUEL	***8329**	SI
7	FRAGA VIÑAS JUAN EUGENIO	***2490**	SI



8	GÜMIL BEIRAS ALICIA SOFÍA	***7875**	SI
9	JORGANES VILLANUEVA PATRICIA	***9524**	SI
10	LÓPEZ MIRAGAYA BEATRIZ EUGENIA	***5872**	SI
11	MOTREL LEDE MARÍA DEL CANTO	***7664**	SI
12	OUTEDA RIVAS RITA	***9140**	SI
13	PALLEIRO CARBALLO VERÓNICA	***0051**	SI
14	PEÓN CARRACELAS LÍA	***1358**	SI
15	PÉREZ BUSTELO LAURA	***4300**	SI
16	POUSO IGLESIAS MARÍA JESÚS	***6120**	SI
17	RODRÍGUEZ SILVA FERNANDO	***9486**	SI
18	SÁNCHEZ CABO SHEILA	***9956**	SI
19	SOTO COSTA MARTA	***5968**	SI

EXCLUÍDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	LAMEIRO ROCA ALBA	***8366**	SI	Non acredita a titulación académica esixida
2	SUÁREZ RODRÍGUEZ MARÍA	***9946**	NON	Non acredita o pago taxas de exame

SEGUNDO.- Aprobar a composición do Tribunal Cualificador, como a continuación detállase, estándose en canto á abstención e recusación dos seus membros ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- Presidenta: Dna. María del Carmen Rey Romero, técnica de xestión (AEDL) do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Secretario (con voz e sen voto): D. Roberto Carrodegua Méndez, Secretario-Interventor adxunto do Concello de Meis ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogal: Dna. María Carmen Merino Moina, Secretaria-Interventora do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: Dna. María de los Ángeles Fuentes Maquieira, Informadora Xuvenil do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.
- Vogal: Dna. Celia Frieiro Rodiño, Educadora Familiar do Concello de Meis ou persoa que legalmente a substitúa.

TERCEIRO.- Convocar ás persoas aspirantes **ás 11:00 horas do próximo xoves día 20 de xuño de 2024, no Edificio Multiusos do Concello de Meis (Praza de España, 18 – O Mosteiro, Meis) para a realización da proba teórica tipo test (fase oposición)** conforme ao establecido nas Bases que regulan o proceso.

Realizarase un exame tipo test, de vinte e cinco (25) preguntas propostas polo tribunal, con varias respostas posibles, sendo só unha delas a correcta, que versará



sobre as materias e funcións propias do posto de traballo que se convoca, segundo o temario que se sinala no Anexo III das Bases que rexen o proceso selectivo.

Á devandita proba, que terá unha duración máxima de 45 minutos, os aspirantes deberán acudir co seu documento oficial de identificación (DNI, NIE, Carné de conducir, Tarxeta de residencia ou calquera outro que permita acreditar a súa identidade). Sen ela non se poderá realizar o exame. Tamén se deberá acudir con bolígrafo azul ou negro.

Unha vez comezada a proba non se poderá acceder á sala para a realización do exame, por tanto, recoméndase chegar con antelación. O resto das indicacións comunicaranse no lugar antes da realización da proba.

CUARTO.- Ordenar a publicación desta Resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Meis e na sede electrónica da entidade [<http://meis.sedelectronica.gal>].

Significar que a publicación desta Resolución e a exposición da lista substitúen a notificación ás persoas interesadas, en conformidade co disposto nas bases de selección aprobadas.

QUINTO.- Contra a presente Resolución cabe interpoñer polos interesados os seguintes recursos:

- Recurso Potestativo de Reposición, previo ao Contencioso-Administrativo, ante o mesmo órgano que ditou a resolución no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á data de notificación ou publicación da presente resolución, ou ben, directamente Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a partir do día seguinte á data da notificación ou publicación da presente resolución, de acordo con o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (LJCA).

- Contra a resolución expresa do Recurso de Reposición, Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data en que reciba a notificación da resolución do recurso (artigos 123 apartado 2º e 124 LPAC e 46 LJCA).

- Se no prazo dun mes da interposición do Recurso de Reposición non recaeu resolución expresa, entenderase desestimado e poderá interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso-Administrativa no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte a aquel en que terminase o prazo para resolver expresamente o recurso de reposición (artigos 124 e 24 LPAC e 46 LJCA).

- Todo iso, sen prexuízo de que o interesado exercite calquera outro recurso que estime pertinente (artigo 40.2 LPAC).

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



Mándao e asina a Señora Alcaldesa, en Meis, á data da firma electrónica; do que, como Secretaria-Interventora, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

